



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 1/2022

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SETE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

En Ordes, a vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e dous.

No Auditorio da Casa da Cultura, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a, ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 25 de novembro de 2021, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 25 de novembro de 2021, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coas abstencións da Sra. Regueiro García e Sr. Ribadas Gómez, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Vistas as Bases reguladoras Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) " POS+ 2022 " (BOP nº 228, de data 30/11/2021) (**Expdte. 2022/A008/000001**).

Vista a proposta de Alcaldía de participación POS+ 2022.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo, de data 24/11/2022.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que todas as obras que se recollen aquí todas son necesarias. Votáronlle un vistazo, parécenlles correctas, que sexan para o ben dos veciños e que se fagan canto antes.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como dixo o compañeiro non adscrito todas as obras son necesarias. Non van a pro ningún inconvite para que se leven a cabo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que reciben con bos ollos as obras de saneamento en Gouzón, Castiñeira e Altiboia (Leira), que é o tipo de actuacións para dotar de servizos no rural que defendemos sempre dende o BNG. Preocúpalle algo que agardan que se lles explique sobre o segundo proxecto de mellora de accesos. Poden observar como nas trazas que lles pasaron no Lugar de O Souto no plano de concentración parcelaria que foi entregada no ano 1967 non se observa un camiño público cara as vivendas, si é certo que nas Normas Subsidiarias de Planeamento pódese ver un pequeno carreiro cara as vivendas, pero non ata o fondo de todo. Se poden aclarar se ese tramo é público. En Uzás na liña azul, no



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

interior, pasa algo do mesmo. Nas Normas Subsidiarias si pode observarse que hai un camiño, hai pode ser máis obvio que é público. Onde teñen as maiores dúbidas é en Casas do Monte. Na traza azul que presentan no plano que nos pasaron estes días ese camiño non se observa na concentración parcelaria do ano 1978, nin nas Normas Subsidiarias de Planeamento, nin tampouco no documento do PXOM aprobado inicialmente. Se efectivamente nos poden explicar se eses camiños que incluíron aí son públicos ou son privados.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todos e cada un dos camiños foron comprobados cos técnicos e coas cartografías vixentes dadas as dúbidas que había en cada un deles. Entende que se axustan na súa totalidade. Se houbera algún tipo de problema na fase de supervisión os técnicos da Deputación Provincial poderán pedir calquera corrección. A asistencia técnico urbanística en base ás comprobacións que fixo e o recoñecemento sobre o terreo teñen a consideración de públicos na actualidade.

Continúa a súa intervención o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se destinan 334.700 € a gasto corrente do orzamento municipal de 2022. Dende o BNG consideran que se podería incluír dentro desa cantidade en lugar de destinalos a gasto corrente, incluír obras como pode ser o camiño de Rúa a Carballedo que non é a primeira ou segunda vez que aparece nos POS como actuación complementaria, que ten bastante falta. Tamén se podería incluír actuacións para rescatar do abandono a parcela do parque empresarial onde se atopaba o karting ou recuperar a actividade municipal na antiga Casa Consistorial liberando o edificio novo para a implantación de novos servizos. Poderíase tamén incluír algunha actuación para incrementar o abastecemento noutros lugares do noso concello, como por exemplo no Canedo, ou dotar de iluminación as sendas peonís do Paraíso á Costa en Poulo, do Paraíso cara a Pinguela ou do Balado cara Raxide. En base a isto non van a votar en contra pero vanse abster por que votan en falta recoller outro tipo de actuacións con eses 334.700 €.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a aclarar unha serie de cousas antes de proceder á votación

Polo Sr. Alcalde, ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que as obras poderían ser outras, todas son necesarias. Revisaron estas, é certo que teñen falta. O seu voto vai a ser favorable.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que está claro que o que sobran son actuacións, pero unhas teñen que ir diante das outras. Seguen a opinar o mesmo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a aclarar un par de cousas e procederán á votación. Poden ser múltiples as propostas de obras que poden traer os concelleiros desta corporación. Para ser realistas, o departamento de obras ten a día de hoxe valoradas actuacións pendentes de executar no concello de Ordes que



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

consideraríamos necesarias ou de interese xeral para toda a veciñanza rondan os dezaioito millóns de euros. Cada ano a Deputación da Coruña entrega menos fondos aos concellos no Plan de Obras e Servizos. Colle unha comparativa das aportacións da Deputación da Coruña do ano 2015 ao ano 2022 e vemos como cada vez está a minguar esa aportación e esa capacidade de poder facer inversións dende o concello. A achega ordinaria e a de inversións financeiramente sostibles do ano 2016 ascendeu a 953.000 euros, na actualidade, tendo en conta que a reinversión das baixas non é unha achega propia da Deputación por que son un aforro das licitacións municipais, para o ano 2022 é de 464.000 euros, menos 51,25 %. No ano 2022 recibiron a metade dos cartos para obras que recibían no ano 2016. A comparativa co goberno do PP no ano 2015 onde había o POS 2015, o DTC 93 inversións financeiramente sostibles que se achegou a 647.000 euros. Un 30% menos aporta hoxe a Deputación do bipartito con respecto ao último goberno do PP, nun momento en que as arcas da Deputación non tiñan esa bonanza de fondos como teñen na actualidade. Eles mesmos son incapaces de gastar todo o remanente ou por a disposición dos concellos para que poidan dispoñer do mesmo. E despois criticamos que os concellos deriven os fondos a gasto corrente. Todos os concellos que se acollen ao POS+ e que teñen capacidade no seu pleno para poder trasladar a maioría da achega ordinaria ao gasto corrente o fan, por que calquera concello por moito lento que sexa e moito máis áxil que a Deputación da Coruña para poder reinvestir o diñeiro, ben sexa en actuacións, ben en actuacións propias a través do gasto corrente de xestión municipal. O cal demostra a gran eiva que supón a día de hoxe unha Deputación bipartita para calquera concello da provincia de A Coruña. Unha eiva que está a provocar que sexan quen de repartir centos de millóns de euros nos catro anos de mandato en subvencións nominativas que eles mesmos dixeron que ían a quitar nos concellos que son afíns, ben sexa nas súas estradas provinciais ou con convenios nominativos e esquecen totalmente aos concellos das outras formacións políticas. Aí está o exemplo a onde vai o diñeiro que tiña que estar a disposición dos concellos día a día, ano a ano, para poder facer as inversións que tanto demandamos e que tanto necesitan os nosos veciños. As cifras están aí, claro que nos gustaría meterlle alumeado a todas e cada unha das sendas, pero primeiro temos que poder conseguir facer esas sendas. Iremos pondo fondos a disposición para meter alumeados nesas sendas, a día de hoxe hai outras prioridades. O saneamento no Canedo vai a ser gracias a un convenio coa Xunta de Galicia, agarda que ese convenio se poida asinar no ano 2022. O proxecto está presentado, en supervisión, agardan que se poida asinar nos vindeiros meses. Todas e cada unha das obras incluídas neste plan veñen demoradas por que non cumpriu a Deputación. No ano 2020 non se fixo ningunha aportación para proxectos complementarios que non puxo a disposición dos concellos os cartos que ten comprometidos e asignados previamente a través de achegas extraordinarias se non as leva a cabo. Están a enganarnos con esa linguaxe de que estamos arrastrando en dúas ocasións proxectos que podían estar perfectamente executados se a Deputación fixera os deberes e puxera os cartos a disposición. O ano pasado de oito proxectos do ano 2020 houbo que recuperar sete. Este ano en cinco proxectos, un completo e parte de outro ven recuperado do ano 2021 por que non fixeron a achega do 50% mínima comprometida. No ano 2022 vai a pasar exactamente igual. Estamos arrastrando proxectos durante varios anos por que non cumpre esta Deputación con este Concello e co resto dos concellos da provincia e menos aínda con aqueles que non son da cor política de quen alí gobernan. Esta é realidade, as cifras están aí, a inversión que se achega para gasto corrente vai a ser distribuída nos orzamentos. Proporanse no seu momento novas actuacións que se están a analizar polo departamento de Obras e polos



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

compañeiros do grupo de goberno. Someterán o capítulo VI dos orzamentos a aprobación deste pleno. En relación coas actuacións pendentes agarda que fagan un esforzo importante. Se son quen de que a Deputación faga actuacións deste tipo, sendas, no concello de Dumbría iluminando sendas en vías da Deputación, que fagan un esforzo en Ordes, dado que non fixeron ningún tipo de actuación nos últimos tres anos, para pedirles que fagan inversións nos seus concellos. Pidan a mellora na iluminación na estrada cara a Pinguela. Unha vez executada incorporarán a mesma ao servizo municipal de alumeadado público.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de trece votos a favor (9 grupo político PP, Sra. Ferreiro Villaverde, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez) e coas abstencións (2 grupo político BNG e Sra. Berdomás García), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	334.701,89 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	334.701,89 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecemento auga potable)	Total Concello	
Saneamento en Gouzón, Castiñeira e Altiboia (Leira)	258.148,14 €	81.157,12 €	0,00 €	81.157,12 €	339.305,26 €
Mellora de accesos en Beán, Pereira, Vilamaior e Poulo	57.913,54 €	18.206,97 €	0,00 €	18.206,97 €	76.120,51 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	316.061,68 €	99.364,09 €	0,00 €	99.364,09 €	415.425,77 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
BBVA (0182-6053-895-45812815)	25.102,64 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	25.102,64 €

D) Resumo

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecemento auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	334.701,89 €				334.701,89 €
	Achega 2021 (Excepción Base 2.1)	0,00 €				0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	0,00 €				0,00 €
	Achega 2021	316.061,68 €	99.364,09 €		99.364,09 €	415.425,77 €
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	25.102,64 €				25.102,64 €
	Achega 2022	334.701,89 €				334.701,89 €
	Achega 2021	316.061,68 €	99.364,09 €		99.364,09 €	415.425,77 €
	Préstamo 2022	25.102,64 €				25.102,64 €
	TOTAL	675.866,21 €	99.364,09 €		99.364,09 €	775.230,30 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se enche a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Camiño A Rúa-Carballedo (Buscás) e outros	173.177,21 €		
Camiño a Morgade (Ardemil) e outros	208.888,52 €		
Pista dende AC-409 a Meitufe e outros (Leira)	101.661,03 €		



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

TOTAIS	483.726,76 €	
--------	--------------	--

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitado todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

4. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

Vistas as Bases reguladoras Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “ POS+ 2022 ” (BOP nº 228, de data 30/11/2021) (**Expdte. 2022/A008/000002**).

Vista a proposta de Alcaldía de participación POS+ ADICIONAL 1/2022.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 24/11/2022.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que na etapa na que vivimos é moi importante investir en servizos sociais. Non van a votar en contra desta proposta.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que calquera gasto que se faga en servizos sociais a consideran importante. Calquera achega para favorecer a todas aquelas persoas que nestes momentos o están a pasar moi mal son todas benvidas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que é unha achega para a financiación de gastos sociais. É unha inversión non que se debe investir. Van a votar favorablemente.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ Adicional 1/2022**” da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022

117.145,66 €

Achega provincial **SOLICITADA** para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios

117.145,66 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	26.300,00 €	0,00 €	26.300,00 €



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>	25.000,00 €	0,00 €	25.000,00 €
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	441.000,00 €	323.400,00 €	58.800,00 €
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>	9.000,00 €	0,00 €	9.000,00 €
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</p>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>	20.000,00 €	0,00 €	20.000,00 €
<p>g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	521.300,00 €	323.400, €	139.100,00 €



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática, ...etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	4.000,00 €	0,00 €	4.000,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	4.000,00 €	0,00 €	4.000,00 €
TOTAL	525.300,00 €	323.400,00 €	143.100,00 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 25 de novembro de 2021, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

6. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

“A creación de emprego estable e de calidade supón un elemento fundamental no desenvolvemento e avance da economía de calquera país, tamén en España, onde actualmente traballan máis de vinte millóns de persoas, unha cifra histórica.

O emprego é un pilar crave no benestar dunha sociedade como a española e permite o crecemento da cidadanía e, por tanto, impulsa a actividade económica a todos os niveis.

En tan só un ano e medio, España logrou recuperar os niveis de afiliación á Seguridade Social previos á pandemia. Nunca contaramos con tantas mulleres afiliadas nin se encadearon dez meses consecutivos de redución do paro, en especial o paro xuvenil, cunha caída de preto do 40% no último ano.

Créase emprego en todos os sectores económicos e de forma importante en sectores económicos de alto valor engadido.

Nese sentido, a reforma laboral acordada entre o Goberno e os axentes sociais, un acordo ambicioso, é a mellor ferramenta para seguir consolidando un marco de creación de emprego que atalle os dous principais males do noso mercado de traballo: a precariedade e o alto desemprego.

Por iso, a nova reforma laboral penalizará a contratación de baixa duración e incentivará a contratación indefinida e o emprego estable.

A nova reforma laboral tamén aposta por potenciar a contratación indefinida fronte á temporalidade e reducirá o número de tipo de contratos xeneralizando o contrato indefinido, limitando a contratación temporal a un máximo de tres meses por ano, e fomentando o contrato fixo discontinuo.

Así mesmo, o novo marco laboral recupera a negociación colectiva situándoa no corazón do novo modelo de relacións laborais, aumentando os dereitos dos empregados.

Ademais, refórzase a negociación colectiva ao recuperar a ultraactividad indefinida, xa que os convenios prorrogaranse ata que sexan substituídos por outros novos sen límite temporal. Tamén se incrementan as sancións por contratación irregular e impúlsase a formación dos traballadores.

Partindo da boa experiencia que deron os ERTE ao longo da crise económica durante a pandemia, súmase a regulación dun novo instrumento, o Mecanismo REDE de Flexibilidade e Estabilización do Emprego como alternativa ao despedimento, como forma de flexibilidade interna das empresas. Impediranse, ademais, os ERE nas administracións públicas.

En definitiva, trátase de crear un marco laboral do século XXI, que permita reducir a temporalidade no traballo, reforzar a creación de emprego de calidade e ofrecer seguridade xurídica ás empresas e, ao mesmo tempo, cumprir cun compromiso adquirido coa Comisión europea para lograr o seu aval e empezar a recibir os primeiros fondos europeos, como xa sucedeu.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Por todo o anterior, o PSdeG-PSOE de Ordes presenta a seguinte iniciativa:

O Pleno do Concello de Ordes insta ás forzas políticas con representación nas Cortes Xerais a seguir traballando en:

1. Apoiar a reforma laboral acordada entre os axentes sociais para impulsar a creación de emprego estable e de calidade, e para atallar a precariedade e o desemprego no noso país.

2. Contribuír co seu apoio parlamentario a potenciar a contratación indefinida fronte á temporalidade a través do contrato indefinido e do fomento do contrato fixo discontinuo, así como apoiar a recuperación da negociación colectiva para aumentar os dereitos dos traballadores e traballadoras, que permita reestablecer o equilibrio entre empresas e persoas traballadoras.

3. Apoiar o Mecanismo REDE de Flexibilidade e Estabilización do Emprego, que será a alternativa ao despedimento, como forma de flexibilidade interna das empresas.

4. Referendar co seu apoio parlamentario ao acordo alcanzado, a aposta pola ultraactividade indefinida e a formación dos traballadores e traballadoras como forma de crear un marco laboral adaptado ás necesidades do século XXI.

5. Defender o diálogo como ferramenta para alcanzar acordos como o logrado cos axentes sociais ao redor da reforma laboral, por encima de ideoloxías, e que permiten avanzar cara a unha recuperación xusta para que España siga crescendo”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que se escoita falar moito da reforma laboral nestes días. Están de acordo por que patronal, sindicatos e goberno chegaron a un acordo que é un punto de inicio. Hai moito que mellorar. Partindo de aquí é un inicio bastante bo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que dende o BNG están abertos a debater calquera cuestión no Pleno do Concello de Ordes. Este asunto está en trámite parlamentario. O que terá que facer o goberno PSOE-Unidas Podemos é negociar cos representantes no Congreso dos Deputados un acordo sobre a reforma laboral. Unha reforma que basicamente muda os tipos de contrato, a recuperación da ultraactividade dos convenios e a prevalencia dos convenios de sector so en relación aos salarios. Non muda outros aspectos lesivas da reforma laboral do



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

PP que son as facilidades para o despedimento, o abaratamento do despedimento que baixou as indemnizacións en caso de despedimento improcedente de 45 días a 33 días, e o límite de 42 a 24 mensualidades, a eliminación da autorización administrativa previa para os despedimentos colectivos ERES, prevalencia dos convenios estatais sobre os provinciais ou autonómicos, a prevalencia dos convenios de empresa que poden empeorar os de sector excepto nos salarios, a eliminación dos salarios de tramitación nos despedimentos improcedentes, a posibilidade de que as empresas se descolguen do convenio e incumpran o nel establecido, a facultade das empresas para a modificación das condicións de traballo e a distribución irregular da xornada de traballo ata o 10%. O que ten que facer o goberno é cumprir cos seus compromisos. Acordar un texto que signifique realmente rescatar os dereitos roubados. Recórdanlle ao PSOE que hai un acordo de investidura asinado. No punto trece establécese a derogación da reforma laboral e da negociación colectiva respectando os marcos autonómicos de relacións laborais. Impulsar o diálogo institucional incluíndo todas as organizacións sindicais que gozan da condición de máis representativas a nivel estatal. Derrogar a reforma das pensións de 2013, derrogar a LOMCE o art. 315.3 do CP e a Lei mordaza. Nesta moción ven que hai unha serie de acordos que son incompatibles. Os puntos primeiro a cuarto falan de apoiar a reforma, contribuír ao apoio parlamentario, apoiar o mecanismo Rede, refrendar o apoio parlamentario e no quinto defender o diálogo como ferramenta para alcanzar acordos. Antes de prestar o apoio parlamentario o que haberá que facer é negociar, falar, consensuar, buscar acordos. Non é chegar aquí con chantaxes, propaganda e coa vía dunha imposición intentar que todo o mundo apoie unha reforma, cando o primeiro será sentarse e chegar a acordos cos distintos representantes no Congreso dos Deputados.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que non pode estar máis de acordo coa intervención do Sr. Vidal Ríos. O primeiro que teñen que facer é negociar cos seus socios de goberno. As formas da reforma laboral son un despropósito. O 30 de decembro apróbase un decreto, quince día despois xa non serve ese decreto e de tapadillo introdúcense ao final cambios sobre a SAREB. Como consecuencia o Congreso vai a ter que votar dúas veces o preceptivo refrendo. As presas nunca foron boas. Ninguén dubida que a técnica lexislativa que segue o Goberno é manifestamente mellorable. Gobernar por decreto non é a maneira. O intocable o día 28 de decembro foi mudado o 14 de xaneiro con catorce rectificacións e sen coñecemento dos que se sentaron a mesa inicialmente, nin dos seus socios de goberno. A promesa de derogación da normativa laboral non é tal. É unha mera matización dos aspectos da reforma do PP do ano 2012. Falan de que se logrou recuperar os niveis de afiliación á SS previos á pandemia, que se incrementaron as afiliacións de mulleres, que se encadearon dez meses consecutivos de redución do desemprego. Están a darlles a razón, a reforma laboral do PP funciona. Esa de 2012 que os seus compañeiros afirmaron que traería economías mermadas e despedidos sen causas obxectivas e que agora poñen de exemplo na súa exposición de motivos. Na saúde do mercado laboral tamén teñen que ver as medidas polas Comunidades Autónomas. Non podemos dar pasos cara atrás.

Polo Sr. Alcalde, ábrese unha segunda quenda de intervencións.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que está de acordo que non se pode gobernara a base de decretazos. É a primeira vez que se pode facer unha reforma, un cambio na lexislación cun acordo de todas as partes. Hai unha parte importante que axudo a manter o nivel de emprego, que agora se está a recuperar foi por aparecer a figura dos ERTE.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que os ERTE don unha medida de flexibilización establecida na reforma laboral do ano 2012. Estude a reforma laboral do ano 2012.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, que sinala que esta reforma é un paso adiante, na que están presentes todos os axentes sociais. Aínda está en trámite parlamentario, necesitamos todos os apoios. A moción é para recabar o apoio das distintas forzas municipais para conseguir a súa aprobación.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que repiten o que dixeron na primeira intervención. A reforma laboral ten cousas que mellorar, pero todos estamos de acordo que un gran paso foi crear un consenso entre todos os axentes sociais. Queda o trámite parlamentario, os partidos teñen algo que dicir aí. Está reforma probablemente haxa que melloralas. É un punto de inicio para que patronal, sindicatos e goberno estean de acordo na mesma dirección. O ven como un paso bastante bo. Por iso van a apoiar esta moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que insisten no mesmo. Estamos no Pleno do Concello de Ordes, poden debater o que queiran, dar a súa opinión. Isto está en trámite no Congreso dos Deputados, alí terán que sentarse e negociar. O goberno buscar apoios e intentar chegar a entendementos co maior número de forzas que sexa posible. Dous grupos poden poñerse de acordo se teñen intención aínda que teñan os extremos moi opostos. Hai que ceder das dúas partes. Aínda que se plantexa inicialmente unha derogación da reforma laboral e por outra banda o que se estea a ofrecer sexa unha reformiña da reforma laboral. Fagan o traballo no Congreso dos Deputados, busquen o apoio entre os grupos e a ver se é posible chegara a un acordo. non poden apoiar a moción nos termos nos que está formulada e o que terán que facer é negociar co BNG e coas outras formas que están representadas no Congreso. Van absterse nesta moción.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que vai a facer unha síntese deste tema. As reformas que pretenden implementar non resoven os problemas do mercado laboral. Restan flexibilidade e impoñen maior rixidez e complexidade. Podemos e temos a obriga de mellorar a norma co obxectivo de seguir creando emprego, pero non empeoralo. A reforma laboral naceu nunha época na que Europa requiriu a España a súa aprobación para solucionar problemas estruturais que sufría o noso mercado de traballo. Coa reforma do ano 2012 eses problemas empezaron a remitir. Europa demanda flexibilidade para adaptarnos as circunstancias sen destruír emprego. As pemes necesitan flexibilidade e capacidade de adaptación ás circunstancias duns mercado de traballo que avanza a un ritmo desenfreado. As reformas que se plantexan neste momento coa reforma que pretenden levar ao Parlamento obvian todas estas necesidades. A solución que se lle da á contratación temporal é prohibila ou mudarlle o seu nome sen analizar as causas polas que se adolece da temporalidade. Recuperan a ultractividade dos convenios que



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

se prorrogarán ata ser substituídos por outros novos sen límite de tempo. Antes tiñan que ser revisados cada ano. Prevalencia do convenio sectorial sobre o de empresa. O desmantelamento que se está a facer da reforma laboral non é tal, implicitamente recoñecen que a reforma do ano 2012 si que funciona. Así se aplicou durante toda a pandemia. Estiveron a aplicar os ERTes. Dende o grupo municipal popular e do grupo popular en xeral consideran que a pretensión única que teñen é poñer medaias e vender un triunfo que modifica mínimos que empeoran a reforma laboral. Por as razóns que acaban de comentar, unido ao que expuxo na súa primeira intervención, que é un acordo pactado que pende dun fío, que se se houberan sentado para negociar ás ultimas modificacións do texto, que non é o que vai ao trámite parlamentario, e a golpe de real decreto lei os obrigan a non estar de acordo con esta modificación da reforma laboral. Un despropósito.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos en contra (9 grupo político PP), cinco votos a favor (2 grupo político PSdeG-PSOE, S. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político PSdeG-PSOE.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo político PP, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Segundo o Informe Anual da Industria Alimentaria Española Período 2020-2021, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación¹, a industria cárnica é:

- A terceira en canto ao número de empresas que a integran: 3.641 empresas, o 11,9% de total de empresas que conforman a Industria Alimentaria Española.

A este respecto hai que indicar que, segundo o referido informe publicado polo Goberno de España, o 67% de esas empresas teñen menos de 10 traballadores (e o 92,7% non alcanza os 50 empregados).

É dicir, esta industria está formada predominantemente por pequenas explotacións gandeiras de tipo familiar que axudan a crear emprego e riqueza e, o que é máis importante, a fixar poboación no mundo rural.

- En 2020 aportou case 9.000 millóns € de exportacións á balanza comercial de España contribuíndo a reducir o tradicional déficit comercial do noso país.

Se falamos de eficiencia, sustentabilidade e respecto ao medio ambiente e ao benestar animal, a produción gandeira de carne representa unicamente o 5,8%« do total de emisións de Gases de Efecto Invernadoiro a nivel mundial; o 80% das cales prodúcense en países en vías de desenvolvemento

Como proba de que a industria cárnica española está firmemente comprometida na defensa do benestar animal, a Asociación Nacional de Industrias da Carne de España (ANICE)- a maioritaria no sector- adoptou no 2019 o acordo de instalar



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

cámaras de video-vixilancia en matadoiros, co obxecto de supervisar o correcto cumprimento das condicións de benestar animal nos establecementos de sacrificio.

Este acordo traducíuse nunha solicitude formal, en outubro do 2019, á Agencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), para o desenvolvemento da lexislación correspondente.

Ademais, este sector cumpre con toda á regulación relativa ao benestar animal e seguridade e calidade alimentaria elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, o competente na materia e que traspón as directivas que sobre estes aspectos elabóranse na Unión Europea.

Fronte a estes datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo do Reino de España non dubidou en afirmar, nunha entrevista concedida ao periódico británico The Guardian, que España exportaba carne de mala calidade procedente de animais maltratados (“...they export this poor quality meat from these ill-treated animals”).

Unhas declaracións que como puidemos ver, revisando os datos publicados polo propio goberno, son rotundamente falsas e demostran a profunda ignorancia de este membro do gabinete ou o seu abismal sectarismo ou ambas cousas á vez.

En todo caso, non é a primeira vez que Alberto Garzón ataca a unha das industrias alimentarias máis importantes do noso país e desprestixia a un sector que leva anos adaptándose aos novos estándares de sustentabilidade ambiental, benestar animal e calidade alimentaria, que da traballo a centos de miles de españois e é unha ferramenta fundamental para loitar contra a despoboación.

Non é a primeira vez nin é o único sector produtivo español atacado polo Ministro de Consumo, xa son moitas as ocasións e os sectores que foron centro das críticas e ataques por parte dun Ministro cuxa misión é apoialos e se observase marxe de mellora poñer en marcha medidas dende o seu departamento ou conxuntamente con outros ministerios.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Ordes, presenta a seguinte proposta de acordos:

PRIMEIRO. Esixir ao Presidente do Goberno a rectificación inmediata das declaracións realizadas polo Ministro de Consumo e o cese do mesmo polos seus reiterados ataques a un dos sectores produtivos máis prósperos do noso país, o cárnico, que leva anos mellorando os seus procesos para garantir a máis alta calidade alimentaria e benestar animal.

SEGUNDO. Esixir ao Ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación, competente na materia, que, cos datos dos que dispón, desminta inmediatamente as afirmacións do seu compañeiro de gabinete e poña en marcha unha campaña nacional e internacional de defensa e apoio ao sector gandeiro cárnico e as medidas necesarias para que o devandito sector avance en sustentabilidade.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

TERCEIRO. Recoñecer o gran traballo realizado polos miles de gandeiros españoles así como dos veterinarios e enxeñeiros agrónomos para facer que o sector gandeiro cárnico se adaptase ás novas esixencias, regulatorias e sociais, en materia medio ambiental, de benestar animal e calidade e seguridade alimentaria alcanzando os máximos estándares de calidade en ditas materias”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que non van a entrar a valorar as declaracións que fixo o ministro, se foron desafortunadas. Están de acordo co punto terceiro, recoñecer o traballo realizado por miles de gandeiros. É verdade que todas as persoas que se dedican ao sector gandeiro con granxas fan que o sector estea de relieve.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que cando se sacan as cousas de contexto ou se recortan frases pasan estas cousas. Cita textualmente a tradución do Sr. Garzón “A gandería extensiva é un medio medioambientalmente sostible de gandería, e un que ten moito peso en partes de España como Asturias, partes de Castela e León, Andalucía e Extremadura. Iso é sostible, o que non é sostible en absoluto son esas chamadas macrogranxas. Encontran un pobo nunha área despoboadada de España e colocan alí a 1000, 5000 ou 10000 cabezas de gando. Contaminan a terra, contaminan a auga e logo exportan esa carne de mala calidade destes animais maltratados”. Esta a falar de casos hipotéticos, desas posibles macrogranxas que se poidan instalar. Hai unha ampla normativa medioambiental, de calidade, de sanidade e benestar animal que emana da Unión Europea e que teñen que cumprir todas as explotacións intensivas e extensivas. No desenvolvemento desta actividade gandeira en España conviven modelos extensivos e intensivos e granxas de carácter intermedio con fases de produción dun e de outro modelo. Gandería extensiva non é o mesmo que unha macrogranxa, un sinónimo que a normativa non o recolle. O goberno de España aposta por impulsar explotacións cada vez máis sostibles e rendibles. Estase a modificar o marco lexislativo que afecta ás granxas gandeiras. Comezou no ano 2020 coa publicación do Real decreto de regulación de granxas no sector porcino e continuouse no 2021 co Real decreto de ordenación das granxas no sector avícola e estase a tramitar o Real decreto de ordenación das granxas no sector vacún, que limitará as explotacións a 850 unidades de gando maior que equivale a 725 vacas de ordeño. Proxectos de tamaño desmesurado como o plantexado no municipio de Noviercas en Soria que pretendían instalar máis de 20000 vacas leiteiras xa non se vai a poder levar a cabo en España. Estanse a mal interpretar unhas palabra ou o que se chama agora darlle moita relevancia e importancia a unha fake news. Si dixo esas palabras pero fáltalle a parte



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

anterior. Están de acordo en recoñecer o traballo realizado polos gandeiros españois para facer que o sector gandeiro e cárnico se adapte ás normas e novas esixencias.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que estamos ante unha moción sen pes nin cabeza. Unha moción de xastre. Está baseada nunha mentira, nun bulo que fabrica o PP para quentar as eleccións en Castela e León e que debe haber moito votante en Ordes. Se leen a entrevista en The Guardian no parágrafo onde o PP colle e fai o recorte pódese ver se o leen por completo que fala das macrogranxas “megafarms”, se leen rápido igual entenden Spain. Está a falar de que as carnes das macrogranxas que é onde hai animais hacinados nunha nave, non respiran aire fresco na súa vida, como penso para favorecer o seu crecemento, non ven a luz do días máis que o día que soben ao camiión para ir para o matadoiro. É unha carne de peor calidade que a gandería extensiva ou o resto de explotacións que temos no noso país, maioritariamente con base territorial, con pastos, con camas axeitadas, con instalacións que proporcionan unha boa ventilación. En definitiva o que poden ver nas parroquias de Lesta, Barbeiros, Poulo no noso Concello. Explotacións que crean riqueza, contribúen a fixar poboación e o monocultivo do eucalipto e de macroparques eólicos que afloran no país. Si o PP de Ordes que é o que presenta e defende esta moción o que realmente quere é defender a gandería e o sector cárnico o que ten que facer é como goberno municipal aplicar as medidas que están dentro das súas competencias. Unha delas é a que propuxo o BNG en diversas ocasións que é bonificar ao 95% a cota íntegra do IBI das explotacións agrícolas e gandeiras que aplican nos concellos de Frades, Mesía, Cerceda, Betanzos, Arteixo, Teo, Carballo, ...etc., algo que en Ordes se negan en rotundo.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que non valorar facer declaracións cando nos pertencemos a un concello con parroquias que viven de explotacións gandeiras, somos cabeceira de comarca de concellos que viven de explotacións gandeiras, parécelle realmente pasar de todo. Non entende esta valoración. Claro que lles importa ao PP de Ordes. Un ministro ten que representar, é un diplomático do seu país. Ten que defender capa e espada ao seu país. Si algo considera que do seu país non funciona ten na súa man os medios para mudalo. Están de acordo en que todas as reformas que se fagan para mellorar e se apliquen están moi ben. Falou de macrogranxas, aínda que so exista unha ou dúas, non pode mandar unha mensaxe contradictoria. Non van a ser prexudicadas estas dúas macrogranxas, van a ser prexudicadas todo o sector cárnico. Ao final co que se quedan e o que está a escoitar os medios, Europa, é que “...exportan carne de pouca calidade de animais maltratados”. Iso é o que lle quedou a toda Europa da carne que está a exportar España. O grupo municipal de Ordes non pode permitir isto. Se o ministro non está de acordo coas macrogranxas, como non o está ninguén, que tome as medidas e actúe, pero que non vai a facer unha entrevista a un medio como é The Guardian, nun país no que temos en Europa con el, que faga este tipo de declaracións. Consideramos que non é un representante lexítimo de España. En Ordes temos a bonificación do ICIO. Todo chegará para as granxas.

Polo Sr. Alcalde, ábrese unha segunda quenda de intervencións.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, concelleiro non adscrito, que sinala que dependendo do medio no que se lea a declaración de Garzón como ben ven todos os partidos políticos están a interpretar dunha maneira. Por iso non entrar a valorar basicamente. No pleno de Ordes se cada vez que hai unha declaración político entramos a pedir o cese. A xente que nos estea a escoitar dirá que declaracións de políticos autonómicos, estatais. No seu partido como en outros hai declaracións un pouco controvertidas, se se pode dicir. Están abertos a debater todo, por iso votaron a urxencia. O goberno municipal ten votado moitas veces en contra de mocións e non permite debater mocións que trae o BNG, PSOE ou nos, están abertos. Non vai a facer unha valoración das declaracións dun ministro se as interpretacións dos grupos son totalmente contraditorias. Non van a pedir o cese por una declaración. Recordará declaracións de políticos a nivel estatal ou autonómico que si que merecerían o cese, este non é o lugar de pedilo. O punto número tres están a favor, por que hai que dignificar o sector gandeiro como as pemes que dan traballo. Non entran no xogo político de pedir o cese segundo a interpretación que se faga dunha declaración dun ministro. Prefiren ocupar o pleno de Ordes noutras cousas, é plenamente lexítimo.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que volven a insistir en que é unha información sesgada, un cortapega, non está a falar das macrogranxas en España. É certo que pode facer moito dano, como o que fai o Sr. Casado cando sae falando nunha granxa de pastoreo coas vacas detrás falando das macrogranxas. Accións desafortunadas as hai en todos os lados. As declaracións do sr. Garzón fan dano por ese recorte sesgado, que non recolle todo o que di na frase. Se se cortan frases e non se pon toda a realidade por suposto que se fai dano. España está entre as potencias gandeiras europeas, ten preeminencia de pequenas e medianas explotacións. Nesta liña o goberno de España aposta polo desenvolvemento da explotación familiar e profesional. As macrogranxas non as quere ningúen. De iso non estaba a falar o Sr. Garzón. Non quere iso en España.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que recomenda que se lea a entrevista, o que realmente se dixo e que interprete. De nada serve recortar trozos dunha entrevista, son bulos, fake news, para quentar unha campaña electoral. Sobran oportunismos partidistas con ataques interesados terxiversando as declaracións dun ministro, dun político ou de quen sexa. As macrogranxas xeran problemas no territorio, como a perda de emprego, peches de granxas familiares, extensivas ou a contaminación por nitratos. Feito polo que España ten aberto un expediente dende o ano 2018. Seguramente fai máis dano correr un bulo que non é verdade, que pon en escena esa entrevista dicindo o que non se dixo. Non van a valorar este tipo de mocións, que están baseadas nun bulo, lean o que realmente se dixo.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que lles interesan as declaracións dun ministro que afectan aos nosos veciños de maneira negativa. Entende que os concelleiros non adscritos non fagan ningún tipo de valoracións a este respecto, é unha cuestión política. Dubidan das múltiples interpretacións. En España non hai macrogranxas. Cando non tes ese tipo de problemática non a crees. Ao final a interpretación induce ao erro de todos os xeitos. Un ministro ten que defender ao seu país, os seus intereses económicos, non pode dicir non consuma carne. Os trapos sucios várense na casa, non fora. Isto o entende todo o mundo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), catro votos en contra (2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Esixir ao Presidente do Goberno a rectificación inmediata das declaracións realizadas polo Ministro de Consumo e o cese do mesmo polos seus reiterados ataques a un dos sectores produtivos máis prósperos do noso país, o cárnico, que leva anos mellorando os seus procesos para garantir a máis alta calidade alimentaria e benestar animal.

SEGUNDO. Esixir ao Ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación, competente na materia, que, cos datos dos que dispón, desminta inmediatamente as afirmacións do seu compañeiro de gabinete e poña en marcha unha campaña nacional e internacional de defensa e apoio ao sector gandeiro cárnico e as medidas necesarias para que o devandito sector avance en sustentabilidade.

TERCEIRO. Recoñecer o gran traballo realizado polos miles de gandeiros españoles así como dos veterinarios e enxeñeiros agrónomos para facer que o sector gandeiro cárnico se adaptase ás novas esixencias, regulatorias e sociais, en materia medio ambiental, de benestar animal e calidade e seguridade alimentaria alcanzando os máximos estándares de calidade en ditas materias”.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome propio e en nome dos concelleiros non adscritos Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez, que formula os rogos seguintes.

- A senda peonil que transcorre dende a rotonda do Paraíso ata A Costa/Outeiro (Poulo) no carón da AC-524 carece, a día de hoxe, de iluminación en varios tramos.

Algúns veciños puxéronse en contacto con nos para suxerirnos a petición de dotar esta vía de alumeadado, posto que no inverno faise de noite moi pronto e con esta medida poderíase mellorar o goce e seguridade desta senda.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Solicitamos do Sr. Alcalde.

Que se dote esta vía de alumeado ou que se inste ao organismo competente a que dote esa senda con puntos de luz.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este rogo xa quedou contestado ao tratar o POS+ 2022. Hai que agradecer o compromiso da Xunta de Galicia con Ordes para dotala desta infraestrutura que permite comunicar Outerio/A Costa a través dunha senda peonil que da moitas posibilidades de camiñar aos veciños. Agarda que se poidan executar algunhas similares nas vindeiras datas. A veciñanza non lles trasladou ningunha solicitude. A día de hoxe a preinstalación está executada na obra. A previsión de futuro pasa por executar este alumeado, actualmente hai outras prioridades. O mesmo sucede coa senda da Deputación cara a Pinguela que leva moitos anos agardando unha iluminación de calidade, a Deputación segue a mirar cara outro lado. Tense en consideración, non se compromete unha data, hai outras preferentes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que informarán aos veciños que o tomaron en consideración e que non poden concretar unha data. Gustaríalles que fose canto antes para que fose unha vía segura ao transitar bastante xente pola noite.

Intervén o Sr. Alcalde, que solicita que eses veciños se acheguen con esa petición ao concello e corroborar que é certo o que di.

- A marquesiña sita no Paseo Iván Raña Fuentes ten un dos seus cristais roto e outro estalado.

Solicitamos ao Sr. Alcalde.

Que se proceda á súa reparación ou substitución.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está prevista a súa substitución ao longo de 2022.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes.

- No lavadoiro da zona do Recreo (Ordes) conta cunha parte valada e por outro lado non existe sendo ademais a zona mais perigosa xa que é por onde pasa o río.

Solicitamos ao señor Alcalde:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

A continuidade do valado na zona que non ten delimitando o metro ou metro e medio a carón do río que é de dominio público.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración. Estudarase a súa posibilidade.

- Veciños da rúa Compostela pónense en contacto coa agrupación Socialista co fin de poñer en coñecemento do pleno o mal estado do asfalto da citada rúa.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Arranxo do firme da rúa Compostela.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha das obras valoradas nos estudos do remanente do ano 2020, agarda a súa execución no ano 2022. Coñecen a súa situación. É unha rúa á que hai de dotar de pluviais previamente.

- Nas últimas actuación de asfaltado na contorna da vila, quedou un tramo en moi mal estado na zona de Reboredo.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Arranxo do citado tramo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que basicamente precisa un rebacheo. Agora que empeza a mellorar o tempo se acometerá por todo o termo municipal, con especial a esta zona.

- Volvemos de novo a incidir na falta de iluminación nalgúns tramos na Avenida de Cerceda, onde iluminan as lámpadas alternas, e con especial atención zona onde está emprazado o Circuito de Pumptrack Ordes, onde non hai iluminación algunha nese tramo. Facemos extensible este rogo a outras vías peonís nas que o tránsito de peóns é dificultoso ao caer a noite debido a esta falta de iluminación.

Solicitamos ao señor Alcalde:

A reparación ou substitución das lámpadas para que a veciñanza poidan seguir desfrutando do paseo da Avenida de Cerceda, así como a revisión das outras sendas para mellorar a súa iluminación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no pleno de novembro trouxeron unha cuestión similar. Volveu haber unha avaría e quedaron algunhas farolas fundidas.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Trasladouse á empresa de mantemento. Van a reparalas. Este tramo urbano da rolda leste está incluído dentro do IDAE 4, está adxudicado, pendente de formalizar o contrato. Espera que nas vindeiras semanas quede resolta definitivamente.

Intervén a Sra. Regueiro García, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes.

- Ao longo da estrada N-550, no seu paso por Ordes e concellos limítrofes, prolifera nas beiras de dita estrada a especie exótica invasora Cortaderia selloana, máis coñecida coma herba da Pampa.

Estas plantas colonizan os hábitats establecéndose coma especie dominante e desprazando as especies autóctonas, coa conseguinte perda de biodiversidade.

Esta especie forma parte do listado das Especies Exóticas preocupantes para a Unión Europea, onde se resalta que tamén poden provocar unha diminución da calidade forraxeira dos pastos, ademáis de que o seu polen é alérxico.

Parece clara a necesidade de controlar na medida do posible a súa expansión e deste xeito tratar de minimizar os efectos negativos que supón a súa existencia na zona.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Se requira ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana un plan de control da especie invasora "Herba da Pampa" que tanto prolifera ao longo da N-550 seguindo as directrices da Estrategia de Gestión, Control y Posible Erradicación del Plumerillo de La Pampa (Cortaderia Selloana) y Otras Especies de Cortaderia.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten que se lle dará traslado do rogo.

- No pleno ordinario de xullo do ano 2020, este grupo municipal efectuou unha serie de preguntas interesándose sobre a extensión de fibra óptica no noso concello, recibindo no mes de agosto como contestación, unha comunicación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) onde se achegaba unha listaxe dos núcleos polos cales se ía efectuar a extensión de dita rede.

O período sinalado para o despregamento nos mesmos finalizou no 2021, mais temos constancia que cando menos, nas parroquias de Barbeiros e Parada, non se levaron a cabo os traballos previstos.

Cabe lembrar que estas actuacións, aínda que son efectuadas polo operador Telefónica, están subvencionadas polo Programa de Extensión da Banda



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Larga de Nova Xeración (Administración Xeral do Estado) e polo Plan de Banda Larga 2020 (Xunta de Galiza); polo que un incumprimento dos prazos podería por en perigo a actuación.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A contactar coa operadora Telefónica, coa AMTEGA e coa Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales, interesándose sobre o estado das citadas actuacións e conseguir unha garantía da súa execución, demandando que se efectúe prioritariamente dado que se superaron os prazos fixados.

Demandar á operadora Telefónica, á AMTEGA e á Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales, a efectuar o despregamento da fibra óptica (banda larga) polo resto de núcleos ou entidades de poboación do noso concello que quedaron excluídos dos citados programas

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai diferentes núcleo de poboación en todas as parroquias nos que non se levaron a cabo os traballos previstos. Agradecer a implicación da Secretaría da Alcaldía e o departamento de informática con todas as peticións destes veciños que non teñen o servizo de banda larga para dirixirse aos distintos organismos e a propia empresa telefónica para axilizar este despregamento da fibra para eses núcleos de poboación. Nalgúns casos xa se logrou pola intervención do persoal municipal e a implicación de Telefónica. Todas e cada unha das do plan de banda larga da Xunta de Galicia están completadas. Os problemas están os programas de extensión de banda larga de nova xeración da administración xeral. Unha vez máis queda demostrado que a posta en valor destes programas na súa aplicación ao medio rural e sempre máis beneficios para a cidadanía cando se fai cun organismo de proximidade como é a Xunta de Galicia e non tratar de dirixilo dende o goberno central. A día de hoxe por incidencias que xurdiron en canto a autorizacións sectoriais ou necesidade de colocación de postes novos que non estaban contemplados nos proxectos iniciais están ampliados os prazos ata dezoito meses. Están en prazo para a súa execución. A segunda parte xa se fixo. Quen debe actuar agora é o ministerio que debe dotar de fondos e proceder á contratación do plan cos lotes correspondentes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula o rogo seguinte.

- A piscina climatizada comarcal “Iván Raña Fuentes” é unha instalación que goza de innumerables servizos, non só relacionados coa piscina (aquagym, cursos de diferentes niveis de natación...etc.), senón que conta, ademais, cunha sala dedicada ao ximnasio e outra para actividades con diferentes modalidades do exercicio físico (pilates, zumba, acondicionamento físico, tonificación...etc.).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Como centro de comarca, fan uso dos seus servizos os/as habitantes de Ordes, e mesmo dos concellos limítrofes. É importante que as súas instalacións se atopen sempre en bo estado.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Proceder a unha limpeza máis en profundidade dos vestiarios, onde se atopan teas de araña e manchas de humidade con facilidade nas carpintarías que separan os vestiarios do exterior, como se pode apreciar nas fotografías que se achegan.

Ademais, os revestimentos están en bastante mal estado, desprendéndose partes do mesmo en varias zonas dos vestiarios.

Arranxar os armarios para roupa e obxectos persoais ("taquillas"), xa que moitos deles non funcionan axeitadamente, impedindo así a seguridade e tranquilidade das persoas usuarias.

Mellorar ou cambiar o pavimento que rodea piscina e vestiarios, o cal non debera de ser escorregadizo polas condicións de uso. A este respecto cabe destacar que resulta habitual que persoas usuarias sufran sustos por escorregar.

Repoñer os secadores que había na entrada dos vestiarios femininos e que foron retirados fai un tempo.

Con respecto á sala empregada como ximnasio, pensamos que é crucial que haxa un monitor/a de sala en todo momento. Actualmente, as persoas usuarias só poden contactar con el/ela en horarios reducidos (como se ve nas fotos que se amosan). A isto súmase que o horario que está dispoñible para o público non se atopa actualizado, pois a finais de xaneiro de 2022, segue constando o do último trimestre de 2021. Non obstante, a instalación inclúe dentro das súas tarifas, o servizo de seguimento de rutinas de exercicio para todos/as aqueles/as aboados/as, polo que é primordial que haxa alguén sempre no seu posto, non só para dito servizo senón tamén para axudar a que se usen correctamente as máquinas de musculación e controlar que se cumpren, en todo momento, as normas hixienico-sanitarias.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que dende o mes de xuño de 2021 a través dun programa de emprego da Xunta de Galicia reforzouse cunha persoa a maiores o servizo de limpeza para reforzar a limpeza habitual como a relacionada coa Covid-19. Os problemas nos revestimentos son problemas estruturais de humidades que son lóxicos nunha instalación con esta antigüidade que conlevarían actuacións cun investimento máis elevado. Non teñen constancia de que na actualidade as taquillas ou gardarroupas non se encontren en condicións de uso, non houbo queixas, farase unha revisión polo miúdo, as que estean estropeadas arranxaranse. Dende fai tres anos realízase o pintado de ditas zonas cun produto antideslizante que todos os anos se fai durante o mes de agosto. As referencias por parte dos usuarios son satisfactorias. Os secadores están retirados por



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

motivo de cumprimento das restricións pola Covid-19 e polo mal uso que se facía, estaban continuamente estropeados. Calquera persoa pode traer o seu secador de man. O persoal da instalación conta con varias funcións ademais da de monitoraxe do ximnasio, como son o socorrismo, impartición de actividades dirixidas e cursos de natación. Legalmente teñen a obriga de manter e dispor de socorristas en todo o momento en que o vaso de encontre aberto aos usuarios, para as actividades dirixidas e os cursos de natación debe encontrarse un monitor co grupo correspondente para a súa impartición. Co persoal que se dispón agora mesmo cúbrese o horario máximo posible para atender as necesidades dos usuarios do ximnasio. No horario de monitoraxe dase servizo nos horarios de maior asistencia á instalación para atender o maior número de usuarios posibles. O horario mencionado non supón unha alteración xa que se encontra prorrogado no mes de xaneiro respecto ao período que indica, se encontra modificado no día de hoxe indicando xaneiro de 2022.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que está ben que contrataran unha persoa para a limpeza, pero o que se pode ver na zona esa, require unha intensidade maior. Esas teas de araña, esas cristaleiras nas que se observa humidade. Se os revestimentos están desprendidos haberá que habilitar unha partida para reparalos ou substituílos. As taquillas bastantes delas non pechan coa moeda. Intentar solucionar as eivas que lle trasladan os usuarios.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que sinala que se toman en consideración. As teas de araña non están a vista, o que se ve nas fotos son recunchos, todos temos que facer a limpeza nas nosas casas e sabemos o difícil que é. hai que facer un reforzo cunha limpeza máis profunda. No mes de agosto sempre se fai unha limpeza profunda. Non é algo que este fora de lugar. En canto aos azulexos fálase coa persoa de mantemento.

- Usuaris/os do servizo de saúde mental do PAC de Ordes quéixanse de que unha das prazas de psiquiatría cambiou de profesional polo menos tres veces nos últimos 6 meses. Cabe destacar que esta situación pode supoñer modificacións no criterio médico, cambios na medicación, descoñecemento do/a paciente.

A parte disto, cremos que o servizo pode ser insuficiente dada a demanda que hai do mesmo, e como consecuencia disto, moitos/as pacientes teñen ata tres meses de agarda entre unha cita e outra.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que inste ao Sergas a que manteñan na medida do posible o persoal para manter un criterio e unha constancia nas terapias.

A que se valore dende o Sergas aumentar o persoal de psiquiatría e psicoloxía debido á alta demanda do servizo.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que se acaba de instalar o servizo con catro persoas novos e xa están a reclamar máis. Irase



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

valorando segundo a demanda. O mantemento do persoal, os médicos asignados ao servizo non teñen a praza en propiedade, son interinos, hai concursos, baixas, ...etc. Ata que se cubran en propiedade non vai haber un médico con carácter permanente.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o servizo non o había, implantouse, pero por iso non ten que funcionar daquela maneira.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que lle comenta que se acaba de abrir o servizo. Hai dous psiquiatras, un psicólogo e un traballador social. Estase empezando a traballar, teñen que valorar a ampliación do servizo segundo a demanda. Todas as persoas que ían a Santiago se trasladan a Ordes. Non é un servizo do PAC e do SAT. Os profesionais se non teñen a praza en titularidade poden concursar, hai baixas por enfermidade. Na folla clínica de cada paciente constan as pautas a seguir.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que é evidente que hai unha alta demanda no servizo, hai unha lista de agarda de tres meses entre cita e cita. É necesario un reforzo. Xa hai unha alta demanda. Haberá que facer os trámites para evitar variar de profesional que teña outro criterio médico. Debe haber unha estabilidade nos profesionais do centro.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- O servizo de atención temperá (SAT), o cal é prestado a través da Mancomunidade de Ordes, conta nestes momentos con 5 profesionais. Tal e como pode comprobarse nas memorias, o servizo dispón dunha considerable lista de espera.

2019: 195 casos atendidos, 68 entradas e 36 en lista de espera.

2020: 225 casos atendidos, 51 entradas e 31 en lista de espera.

A día de hoxe estase a prestar este servizo nun piso situado nun edificio de vivendas. Segundo informacións publicadas na prensa, preténdese trasladar o servizo ao terceiro andar do Centro Sociocomunitario Isabel Zendal.

Por todo isto preguntamos á representante da mancomunidade designada polo pleno da corporación municipal de Ordes e Presidenta da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes o seguinte:

¿A mancomunidade prevé que o traslado do servizo, sexa suficiente para reducir a listaxe de espera?.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

¿Tense pensado desde a mancomunidade contratar mais persoal, ou cando menos incrementar ata a xornada completa o horario da profesional que non dispón do mesmo?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira de política social, que sinala que o SAT esta aberto os luns, xoves e venres de 08:00 a 20:00, martes e mércores de 08:00 a 19:00. Hai cinco traballadores, simultaneamente so poden atender polos gabinetes existentes tres profesionais á vez. Unha das razóns do seu traslado para a terceira pranta do edificio Isabel Zandal atenderán cinco profesionais ao mesmo tempo reducíndose a lista de agarda. A xornada completa da quinta profesional estase a valorar. A Xunta de Galicia anunciou a subvención do cen por cen das horas de atención, ata o de agora so o noventa. No 2005 no servizo había dúas persoas e medio.

- Sobre as obras da casa da Cultura, as cales estaba previsto o seu comezo no mes de novembro do ano 2021.

¿A que se debe o retraso no comezo das obras?.

A pesares de non dar comezo os traballos, efectuouse o pagamento dunha factura por provisión de materiais. ¿A que materiais se refire e onde se atopaban/atopan almacenados?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o comezo das obras débese a unha cuestión de planificación xustificada polo desabastecemento de certas materias primas no mercado para execución da obra. As empresas paran por convenio nas datas de Nadal. Tratou de aproveitarse ter a instalación o maior tempo posible en servizo. Unha vez comezadas executaranse de tiron permitindo ter a Casa da Cultura parada o menor tempo posible. A certificación por acopios foi para xustificar a anualidade 2021 da subvención da Xunta de Galicia unha factura por importe de 107.000 euros. Os materiais son revestimentos de paramentos, falsos teitos, illamentos, pavimento laminado e vinílico, iluminación e butacas. Atópanse acopiados na fábrica no caso das butacas e nos almacéns dos subministradores. Non foi a única obra que se certificou o ano pasado por acopios.

- Na rúa Emilia Pardo Bazán, resulta moito mais habitual do desexable que o sistema de iluminación pública da rúa non funcione. Esta situación tamén se da no tramo do paseo Ramiro Recouso Liste mais próximo ao PAC, mais na comunicación deste con Penelas.

¿Cal é o motivo de que se produzan habitualmente estas interrupcións no servizo?.

¿Que medidas prevé adoptar o goberno municipal para evitalo?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que calquera das dúas foron avarías de difícil localización. Levou tempo a súa reparación. Xa foron resolta, fai dúas semanas no



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

caso de Emilia Pardo Bazán, a pasada semana na entrada do paseo Ramiro Recouso e na zona de Penelas. En canto ás medidas, as avarías son inevitables e resolvelas á maior brevidade e a súa prioridade. Teñen excelentes profesionais no servizo neste momento.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás **vinte** horas e **cinco** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias